

PRÁCTICAS EN EMPRESA OFERTADAS POLO CENTRO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EN EMPRESA PARA OS ALUMNOS DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICO-FORENSE (ESPECIALIDADE DE PSICOLOXÍA XURÍDICO-FORENSE)

O Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015, establece o procedemento para a realización das prácticas curriculares e extracurriculares.

A realización das prácticas externas esixirá a sinatura dun convenio de cooperación educativa entre a USC e a entidade correspondente.

Este Decanato convoca o procedemento selectivo para a realización de prácticas en empresas, por parte dos alumnos do **Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense (especialidade de Psicoloxía Xurídico-Forense)**, de acordo coas seguintes bases:

1. NORMAS XERAIS

Convócanse prazas para a realización de prácticas en empresas no curso 2024-2025 por parte dos estudantes do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Xurídico-Forense (especialidade de Psicoloxía Xurídico-Forense), que terán unha **duración de 225 horas, equivalentes a 9 créditos ECTS**.

O alumnado que opte por esta modalidade de prácticas non poderá optar pola modalidade de prácticas propiciadas.

2. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude farase a través dun **formulario electrónico** que estará activo dende o **30 de setembro ata o 21 de outubro**, ó que accederá a través da seguinte **ligazón**:
<https://forms.office.com/e/hRXMhzAmDw?origin=IprLink>

3. LISTA DE ADMITIDOS

Unha vez avaliadas as solicitudes dos alumnos, farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina intranet da Facultade, o **día 28 de outubro de 2024** a resolución provisional, na que figurarán os alumnos admitidos, ordenados consonte a nota media do seu expediente académico, (calculado de acordo co protocolo establecido polo SUG) e a proposta de prazas para prácticas por parte das empresas/institucións.

Reclamacións (notas medias do expediente) do **29 ao 31 de outubro de 2024**.

4. ASIGNACIÓN DE PRAZAS

Os alumnos admitidos serán convocados para elixir a praza, en función da puntuación obtida.

A elección das prazas realizarase no lugar e data que se sinala na Resolución definitiva de alumnos admitidos e as prazas ofertadas, que se publicará o **5 de novembro de 2024 na que se indicará a data, hora e lugar para a elección de destinos (será previsiblemente o 7 de novembro na Facultade de RRL)**. O alumnado que non acuda á reunión quedará sen asignación de práctica.

Non se asignará práctica algunha ó alumnado que non teña o NUSS (Número de Seguridade Social) rexistrado na secretaría virtual antes da data para a elección de destinos. No caso do alumnado estranxeiro ademais debe pedir o NIE e comunicarse coa UXA para actualizar os seus datos no expediente académico.

5. MATRÍCULA

Unha vez asignadas as prazas ao alumnado deberá formalizar a **matrícula** na materia *P3421214 Prácticas externas xurídico – forenses* na Unidade de Xestión Académica do Campus Vida do **11-14 de novembro de 2024**.

Non formalizar matrícula no prazo sinalado suporá que o alumno decae no seu dereito á realización das prácticas.

Os alumnos seleccionados que non formalicen a matrícula nos prazos sinalados terán a obriga de comunicar por escrito a súa renuncia ás prácticas no Decanato da Facultade.

A resolución definitiva coa asignación da práctica publicarase o **15 de novembro de 2024**.

Poderán iniciar as prácticas a partir do **2 de xaneiro de 2025** e como máximo deberán estar **finalizadas a 31 de agosto de 2025**. Antes do seu inicio deberán entregar o **anexo de incorporación debidamente cuberto, asinado (3 copias)** e co cálculo de horas reais.

6. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

A avaliación das prácticas realizaraa a Coordinadora do Máster ou, no seu defecto, o/a titor/a académico/a, que será profesorado do Máster, e terá en conta:

- a) **Informe do/a titor/a externo** da Empresa ou Institución.
- b) **Memoria** que deberá realiza o alumnado no prazo de 10 días a contar desde ó remate das prácticas (as instrucións sobre o contido da memoria poden atopalo no campus virtual da materia).

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*

O Decano da Facultade de Relacións Laborais

Jesús F. Salgado Velo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JESÚS FERNANDO SALGADO VELO, NIF ***2253**, 24/09/2024 12:33:04.

CSV: 42DE-EB07-42C4-8F58